

Fáltanos cultura cooperativa para optimizar as nosas posibilidades e potencialidades

Entrevista con Antón Martínez Puñal

Antón Martínez Puñal é Profesor Titular de Dereito Internacional Público, Relacións Internacionais e Teoría do Estado na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e membro do Consello Reitor do IGADI. Especializado na área de MERCOSUR, destaca entre as súas obras o libro *“El Sistema Internacional de MERCOSUR: de la intergubernamentalidad a la supranacionalidad”* (Tórculo Edicións, Colección de Estudios Internacionales, Santiago de Compostela, 2005).



A acción exterior de Galicia entra nunha fase decisiva para a súa instrumentalización, por mor dos efectos emanados da crise económica, das tentativas de recentralización a nivel estatal e da emerxencia dunha “nova diáspora”, conformada por unha mocidade con notable e elevado nivel académico e profesional. Neste sentido, Antón Martínez Puñal considera que a acción exterior galega debe asumir unha dimensión integral, precisando dunha auténtica cultura cooperativa que permita potenciar a dimensión dos seus valores específicos (lingua, condición marítima, presenza empresarial, diáspora, etc), sen dependencias nin interferencias dende o goberno estatal, e aproveitando as oportunidades que se abren no contexto da internacionalización e a descentralización do poder.

Pregunta: Cómo valoras o status adquirido pola acción exterior no conxunto das políticas públicas?

Resposta: Ao respecto, podemos reparar en como, desde que en xuño de 1981 se celebraran na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela unhas Xornadas de Profesores de Dereito Internacional e Relacións Internacionais, as cales deron lugar a un libro cun título ben expresivo, “Constitución, Comunidades Autónomas e Dereito Internacional”, algo se mellorou neste ámbito da acción exterior das Comunidades Autónomas españolas malia estarmos lonxe de vivir unha situación satisfactoria. Con todo, resultan, ao noso xuízo, claramente insuficientes os mecanismos adoptados no plano ascendente da creación das normas internacionais tanto polo que respecta ao ámbito interno como ao externo, sexan estas convencionais, sexan comunitarias. Polo que incombe ao interno, habemos de precisar que as posibilidades abertas, entre

outros, polo art. 35.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza (solicitude ao goberno español para que celebre os tratados internacionais ou convenios que permitan o establecemento dun tratado de relacións culturais cos Estados cos que Galiza manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos), en relación co cal fora aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego unha proposta a respecto diso con Portugal no 1983 (non con Brasil, como se dixo nalgunha ocasión), presentada formalmente por Camilo Nogueira, a pedimento dun servidor que a redactou previamente), deviñeron en actuacións sen resultado práctico ningún. Menos pode dicirse aínda en relación co artigo 7.2 do Estatuto galego, no cal se contempla a posibilidade de “solicitar do Estado español que... celebre os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades”, referíndose ás comunidades galegas residindo fóra da Galiza.

Mellor diagnóstico, malia que insuficiente nos seus resultados, é o que cabería facermos en relación coa actuación das Comunidades Autónomas no seo da Conferencia de Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas, por falta de alcance xurídico das hipotéticas posicións das Delegacións autonómicas no seu seo; o mesmo é na Presidencia do Consello da Unión Europea, encabezando nalgunhas ocasións a delegación española; a idéntico xuízo podemos chegar en relación co chamado representante autonómico na Representación Permanente Española ante a Unión Europea.

Destacaríamos no lado positivo as posibilidades que na materia abre para as Comunidades Autónomas a Sentenza do Tribunal Constitucional 165/1994, Oficina do Goberno Basco en Bruxelas, a cal admite a posibilidade das Comunidades Autónomas levaren a cabo actividades dotadas dunha proxección exterior que debe entenderse limitada a aquelas que, sendo necesarias ou polo menos convenientes, para o exercicio das súas competencias, non impliquen o exercicio dun “ius contrahendi”, non orixinen obrigas inmediatas e actuais fronte a poderes públicos estranxeiros, non incidan na política exterior do Estado e non xeren responsabilidade deste fronte a Estados estranxeiros ou organizacións inter- ou supranacionais. No ámbito xurisprudencial tamén resultou de suma utilidade a doutrina do Tribunal Constitucional, que logo dalgúns tirapuxas acabaría impoñéndose na materia de aplicación das normas de Dereito da Unión Europea, a cal recoñece respecto diso un relevante protagonismo ás Comunidades Autónomas.

Xa desde o ámbito máis próximo, o da Administración autónoma galega, habemos de subliñar que o papel da Galiza en canto a Acción Exterior, alén de certos pronunciamentos programáticos de indubidable valor (Libro Branco da Acción Exterior, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, 2005); Acción Exterior de Galicia. Prioridades de actuación, Xunta de Galicia, 2010), a realidade móstrase-nos ben parca en canto a resultados plausibles.

As transformacións que experimenta a sociedade internacional ábrennos ou pechan portas neste aspecto?

.....

Nos nosos días, a realidade política denota a existencia dunha dobre tendencia á internacionalización ou supranacionalización, por unha banda, e á descentralización do poder por outra. Un bo reflexo desta orientación dual é o Estado complexo. Respecto diso subliñaremos que o problema xa advertido por Pueyo Losa en 1994, de que nun Estado de estrutura complexa como o Estado español das Autonomías, “a determinación das respectivas capacidades dos distintos poderes na orde das relacións internacionais resulta aínda unha cuestión difícil e áspera”⁽¹⁾, e continúa sendo unha sanguenta realidade. Nada se soubo, por exemplo, dunha posible Lei sobre Celebración de Tratados Internacionais, da cal se falou no seu momento.

Iso é así, a pesar de que penso que as transformacións habidas na sociedade internacional terminan abríndolles portas ás Comunidades Autónomas e, en conclusión, ao Estado no seu conxunto. A mundialización provoca un efecto de uniformización mais tamén abre espazos para a diversidade. Cunha boa estratexia, en numerosos eidos poderíamos gañar unha presenza exterior que resulte beneficiosa para os intereses da Galiza en xeral, e particularmente para a recuperación dos sectores produtivos galegos.

Consideras que levamos aproveitado suficientemente as oportunidades xurdidas nesta orde?

Probablemente, non. Quizais no económico avanzamos algo, mais sen dúbida ese impulso depende moito da visión do goberno do momento, e aí case sempre pecamos de timoratos por temor en boa medida ao que se nos poida dicir desde o goberno central.

Galiza, con todo, en maior ou menor medida, está presente no mundo con ou sen acción exterior. Contamos con valores específicos que ningún goberno central vai potenciar na dimensión necesaria nin coa sensibilidade e coñecemento precisos. Que Galiza o faga para a promoción dos seus intereses é un exercicio de responsabilidade. Por iso, cómprelle a Galiza desenvolver unha acción exterior centrada na defensa e promoción dos seus intereses específicos, isto é, que parta da nosa identidade no sentido máis amplo (lingua, condición marítima, presenza empresarial, diáspora, etc.) para proxectala no mundo con afán universalizador, facendo valer as nosas capacidades, atributos e singularidades, cunha taxa de retorno que se traduza nunha maior autoestima, así como nun medre da riqueza e do emprego.

(1) PUEYO LOSA, J.: “Algunas reflexiones sobre la actividad exterior de Galicia y las relaciones internacionales del Estado”, *Dereito*, Vol. III, Nº. 2, 1994, p.10.

Por qué non existe un diálogo efectivo en materia exterior entre goberno central e CC.AA. como xa hai noutras materias?

É unha asignatura pendente. O goberno central acepta mal que as CC.AA. desenvolvan competencias neste eido. Penso que non hai unha posta ao día que recoñeza o valor desa dinámica para a propia acción exterior do Estado.

Dalgún xeito, a filosofía que inspiraba as palabras do Subsecretario do Ministerio dos Asuntos Exteriores, asistente ás citadas anteriormente Xornadas de Profesores de Dereito Internacional e Relacións Internacionais, publicadas en “La Voz de Galicia”, o 2 de Xuño do 1981, no senso –segundo él– de que as Comunidades Autónomas non teñen nada que dicir en materia de política exterior, parece continuar sendo aínda o caldo de cultivo no que se move o Goberno Central. Neste senso, as súas concesións son as mínimas posibles en cada momento.

No tocante ás Comunidades Autónomas, amósome en desacordo coas medidas recentralizadoras que están a xurdir neste eido. Pola contra, ao meu xuízo, comprendo medidas neste senso para que, atendendo ás medidas racionalizadoras que procedan, a realidade autonómica do Estado Español tome presenza no servizo exterior de España. Como punto inicial de partida, veríamos ben a creación dunha conferencia sectorial Estado-CC.AA. en materia de acción exterior que, acompañada de medidas de recoñecemento e dignificación dos servizos exteriores autonómicos, serva como eixo vertebrador da política exterior española.

Poden as actuais ínfulas recentralizadoras afectar medularmente ao impulso exterior das CC.AA.?

Sen dúbida. Xa está a acontecer. Esa é unha vía á que deben de opoñerse as Comunidades Autónomas. Comprometerse lealmente coa acción exterior non implica abrir fendas, senón contribuír de xeito activo a un cambio de paradigma establecendo as entidades subestatais como actores indispensables configuradores dunha política internacional do propio Estado, que se vén manifestando cada vez de forma máis feble.

É preciso, xa que logo, dinamizarmos a proxección exterior do País Galego –e das outras Autonomías– co fin de, partindo da nosa propia apreciación de anxeios, recursos e carencias, arriquecer tanto o marco estatal no que nos movemos como de abrir camiño á satisfacción dos intereses estratéxicos da sociedade galega.

Consideras que a sociedade galega interiorizou ben a importancia de estarmos presentes no mundo?

Cada vez máis, mais aínda de forma insuficiente. Neste senso, debo salientar de

forma clara que nos falta cultura cooperativa para optimizar as nosas posibilidades e potencialidades.

Deberíamos de ser cada vez máis conscientes da importancia que ten a defensa dunha acción exterior entendida non só como xesto político senón tamén como instrumento dunha política pública que, atenta a todas as formas de colaboración precisa, contribúa á defensa dos intereses políticos, económicos e sociais da sociedade galega en xeral.

Temos os pés na terra á hora de definirmos con precisión os nosos intereses exteriores ou divagamos na extravagancia?

Penso que somos ben conscientes de que debemos proxectar a nosa identidade naqueles espazos mais afíns, onde podemos atopar sinerxias que multipliquen o efecto do noso labor. Porén, sempre é aconsellable perseverar na reflexión nun contexto tan cambiante como o actual.

Resulta urxente para Galiza non extraviarse dando pasos cara atrás neste eido da nosa acción exterior, un espazo onde chegou, con todas as súas carencias e limitacións, a gozar dunha certa solvencia e estratexia e no que, malia os seus altibaixos, chegou a percibir certas definicións precisas para facela realidade dun xeito positivo, a pouco que se persevere nela. O camiño mecánico insistente nos recurtes non nos parece acubillar ningún bo agoiro para ela.

Hai “principio de acordo” nas forzas políticas galegas a propósito da acción exterior?

Intentouse. E aí está o “Libro Branco da Acción Exterior”. Agora mesmo, penso que ese consenso está roto, como noutros temas. Neste momento, aprézanse claras diverxencias. Así, se da man de Xulio Ríos, reparamos nos programas con que concorreron ás eleccións políticas o pasado 21 de outubro, vemos como, incorporando no seu programa electoral, en maior ou menor media, un apartado referente ao papel que Galiza debe desempeñar no mundo, as posicións son ben diferentes.

En efecto, os dous partidos maioritarios, PPdeG e PSDG-PSOE, son os que lle adicaban un espazo maior a esta materia coincidindo, en certa medida, nos ámbitos prioritarios de actuación, aínda que os enfoques e os medios propostos sexan diferentes. Así, o Partido Popular de Galicia opta por seguir afondando nas políticas centradas na internacionalización da economía. Subliñaremos que as accións que propón o PPdeG procuran fundamentalmente proseguir coas iniciativas postas en marcha durante a primeira lexislatura de Feijóo (2009-2012), as cales, centradas no protagonismo do sector privado en detrimento do público, buscarían a potenciación das accións encamiñadas cara á internacionalización das empresas, empregando para iso

a diáspora como elemento de enlace e a rede PEXGA (Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia) como asesora.

Pola súa banda, o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE centra o seu interese na elaboración, en cooperación cos axentes económicos, culturais e sociais galegos, dun plano estratéxico da Acción Exterior de Galicia e en que esta recobre novamente o seu carácter público, recuperando o control das oficinas comerciais situadas no exterior. Neste senso, manifestando asimesmo a necesidade de contar coa colaboración do Goberno do Estado e das súas institucións no exterior, ao obxecto de acadar unha maior eficacia, propugnaba a modificación da rede de oficinas no exterior buscando incorporar os servizos que demandan as empresas, a promoción dunha imaxe de marca da Galiza, así como facilitar a presenza das institucións públicas e privadas da Galiza nos foros internacionais. A punta de lanza de todo este desideratum basearíase na conversión da Fundación Galicia – Europa nunha auténtica oficina de representación da Galiza en Bruxelas.

No que atinxe aos partidos nacionalistas, é de subliñar que resulta paradoxal a baixa prioridade que conceden a esta materia: significaremos con todo a defensa do autogoberno perante as institucións supranacionais proposta polo BNG; asimesmo, a preocupación de Compromiso por Galicia e de Alternativa Galega de Esquerdas polo papel da diáspora galega na acción exterior.

Poderíase arbitrar hoxe o exterior como unha expresión de consenso mínimo pero amplo entre os diversos segmentos políticos e sociais do país?

.....

■ Véxoo difícil. A vida política galega está moi enrarecida e os proxectos diverxen mesmo en cuestións básicas. Pode haber acordos puntuais, en materias e horizontes concretos, mais coincidir nun proxecto xeral, á luz de todo o que vimos de advertir, non parece doado.

Unha cousa debería de quedar clara: A chave vertebradora da acción exterior da Galiza pasa sempre pola súa universalización. Ese é o principio guía que debemos ter en conta en todos os nosos proxectos relacionados co mundo exterior, independentemente de cal sexa a súa natureza.

Como valoras ese acordo recente para ubicar as representacións exteriores nas embaixadas do Reino de España?

.....

■ A proposta feita polo Ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación, Sr. García-Margallo, en prol de que as Comunidades Autónomas utilicen as embaixadas e non dupliquen gastos poida que, entendida esa utilización con carácter voluntario, non sexa desacertada mais en todo caso resulta incompleta. Para nós, tería senso

sempre que non fora, como semella, unha nova estratexia encubridora dun obxectivo de recentralización coa escusa da crise económica e mesmo de toda índole que estamos a sufrir. A idea tería sentido se esa mesma crise fose tomada como pano de fondo para unha refundación do servizo exterior do Estado español, enxertado coa sabía nova do mundo autonómico, cunha experiencia exterior, superficialmente desautorizada e ironizada en tantas ocasións que, a teor dos medios de que dispón, se ben parca en resultados non por iso resulta ser máis desacertada do que a acción diplomática do propio Estado, da cal, habida conta dos medios ao seu alcance, serían de esperar máis resultados positivos e menos veces os desacertos, decote ignorados.

Á “solución física” que achega García-Margallo, chiculate de gorrión nin sequer do louro, habería que sumarlle unha interiorización do feito autonómico na política exterior española. A imaxe exterior actual de España está fragmentada. Trataría de acadar unha presenza unitaria de España no interior, tratando de visibilizar e optimizar a súa pluralidade, integrando nese senso a tal efecto activos, persoal e, en definitiva, programa, orientación, discurso e práctica, dun xeito tal que posibilite que a política exterior española, nun Pacto de Estado, avance en coherencia, representatividade e bagaxe democrática ou, noutras palabras, nunha eficacia aberta e plural. Un modelo integrador debería descartar de xeito efectivo calquera afán de deslealdade entre o corpo do Estado e o seu espírito: o Estado das Autonomías. Aproveitaremos acó tamén para denunciar a insuficiencia de medios con que se desenvolve tamén o servizo exterior do Estado.

E o acordo coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para delegar a xestión de boa parte das políticas de internacionalización comercial e empresarial?

.....

■ A principal aposta no ámbito exterior da Xunta de Galicia baséase hoxe en transferir á Confederación de Empresarios de Galicia as potencias e responsabilidades para promover unha internacionalización do sector empresarial galego. Instrumento esencial deste obxectivo internacionalizador é a posta en pé da Rede de Plataformas Empresariais Exteriores de Galicia, a cal xorde como unha iniciativa conxunta da Confederación de Empresarios de Galicia e da Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), posta en marcha co gallo de reforzar a presenza do sector industrial galego nos mercados estranxeiros e de procurar investimentos procedentes do estranxeiro.

En todo caso, xulgamos que estamos perante unha decisión moi discutible. Por unha banda, pola súa visión volcada ao sector secundario con abandono do primario e, pola outra, porque, con independencia da eficiencia e da necesaria colaboración entre o sector público e privado, representa sobre todo unha descapitalización para a Administración que ao pouco deixará de contar con recursos humanos especializa-

dos nesta área. Alén diso, pérdese, no ámbito internacional, no eido da presenza da Galiza como suxeito político no mundo e, asimesmo, nun plano interno a vocación inmediatamente público-comunitaria que debe ter a acción exterior. Investir na promoción do privado sen estratexia, sen visión de conxunto e sen transparencia non nos parece o máis doado.

Bótase de menos sen dúbida a existencia dun modelo de acción exterior global que orientara e tutelara estas manifestacións de diplomacia económica. Galiza felizmente tamén é algo máis que un balance incerto de resultados económicos.

Qué equilibrio debера establecerse entre o público e o privado á hora de afrontar os retos exteriores?

■ A colaboración é indispensable, mais non pode ser unha palabra baleira. Debe haber un liderado público e unha converxencia na definición e na acción cos sectores interesados.

A acción exterior de Galiza debe asumir inescusablemente unha dimensión integral, tanto na súa orientación como na súa estrutura. Nela ha de ter un punto de apoio e de referencia a diplomacia económica, que haberá de ser sensible aos potenciais derivados da Galiza exterior, da cooperación transfronteiriza e dos vínculos coa Comunidade internacional da lusofonía.

Un modelo que se queira de integración esixe, cando menos, da revitalización dun Consello Exterior da Galiza, órgano consultivo formado por universidades, empresarios, ONGDs e expertos. Cun Consello Exterior de Galiza como o actual, fillo orfo do Partido Popular, será imposible tecer cun mínimo de sentido do futuro. Estaremos sempre perante a improvisación da improvisación.

Cómo pode contribuír a cultura a aumentar a nosa proxección exterior?

■ Primeiro, definindo unha estratexia adaptada ás nosas características e dimensións. Segundo, evitando a segmentación á hora de saírmos ao exterior. Terceiro, involucrando moi directamente á industria cultural e facilitando un desempeño autónomo, sen interferencias. Cuarto, tendendo pontes que nos permitan establecer alianzas aló onde chegue a voz Galiza, moi particularmente cos países nos que estea presente a nosa diáspora.

A proxección da nosa imaxe exterior ha de ir da man da universalización da Galiza; pero universalizar Galiza non debe quedar no meramente económico senón que haberá de abranguer indeclinablemente os aspectos da política e da cultura. A este respecto, universalizar Galiza no plano cultural implica, cando menos, tomar partido de xeito prioritario pola modernización do *modus operandi* da nosa cultura, a cal está moitas veces excesivamente pendente e dependente do osíxeno público.

Cal é o teu diagnóstico da evolución das relacións de Galiza con Portugal? Fracasou a Eurorrexión?

■ A Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal atópase dende hai tempo nunha encrucillada. O diagnóstico é de estancamento. Niso, sen dúbida, ten moito que ver a dura crise económica pola que está a pasar o país irmán; polo demais, a crise española tamén conleva unha mingua para as devanditas relacións. Tal vez sobrou boato burocrático institucional e faltou en grande medida unha maior implicación das sociedades aquí e alén Miño.

Habería que salientar tamén, por outra parte, que a propia configuración constitucional portuguesa pendente aínda, excepción feita das Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira, de ser levada á práctica no tocante á rexionalización do continente, tampouco axudaba para o afortalamento das citadas relacións. O partenariado entre unha Comunidade Autónoma como Galiza e unha Rexión Administrativa —dependente do Ministerio de Administración Interna— como a do Norte de Portugal, máis ben dunha natureza desconcentrada, tiña, polo demais, un teito moi fráxil ademais de baixo.

Por que non damos enfiado entre Santiago e Porto esa converxencia reivindicativa fronte a Madrid e Lisboa?

■ Os intereses e o compromiso dos respectivos protagonistas que o poden facer son febles e moi vulnerables. Aínda máis se Santiago e Porto se anican e engruñan respectivamente fronte a Madrid e Lisboa, deixando de facer valer a súa significación real.

Poderíamos estar presentes no mundo como tal Eurorrexión?

■ Por qué non? Somos complementarios. E seguimos a ser Europa..., deica e polo de agora.

Que se nos perdeu en América?

■ É un referente indispensable. Especialmente se temos en conta a nosa presenza diaspórica que brinda un atributo humano de primeira magnitude para desenvolvermos accións neste eido. Raíces, historia e sentimentos comúns deben ser coidados en todo canto o merecen.

Este feixe de realidades non danan senón que máis ben poden favorecer notablemente as relacións socioeconómicas con aquela área xeográfica na que se está a producir en moitos dos seus países un cualificado crecemento económico. Mais para

iso é preciso unha visión global da acción exterior. Aquí, como no conto, non valen as contas da leiteira.

Pensas que a diáspora pode ser aínda un ariete poderoso da nosa estratexia de acción exterior?

Obviamente. A diáspora antiga –con toda a súa rica experiencia e froitos humanos e sociais inseridos na sociedade dos países de recepción-- e a neodiáspora --coa crise económica empurrando para fóra da Galiza a moitos dos seus mozos, agora mellor preparados que os seus bisavós-- xunto coa lingua ou a nosa orixe atlántica, entre outros, constitúe un dos nosos inequívocos sinais de identidade.

É preciso fuxirmos de enfoques centrados única e exclusivamente en criterios economicistas. Cómpre dar acougo a outros sumatorios socioculturais provintes da intelixencia diaspórica que representarían un importante valor engadido ás estratexias de internacionalización. A diáspora é un valor por integrar en calquera estratexia de acción exterior.

Non teremos xa todo case perdido ante a inconstancia dos nosos pasos ou a instrumentalización electoral?

Se a pregunta se refire á diáspora, confío en que non. O decisivo é que sexamos respectuosos e equitativos no trato con esa diáspora. Hoxe, coa maior parte nun continente en crecemento, é unha vez máis ela quen pode facer máis por nós do que nós por ela.

Que pode esperar Galiza da súa participación nos foros rexionalistas europeos?

Entendemos que resulta inescusable a participación da Xunta nas diversas entidades rexionais europeas como o Consello, o Comité das Rexións, a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, o Arco Atlántico, a Asociación de Rexións Fronteirizas, etc.; asimesmo, a doutras institucións, como o Parlamento galego, dentro da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas. A través deses mecanismos, coa cooperación coa Administración Xeral do Estado, posibilitase sen dúbida unha presenza no deseño das políticas públicas comunitarias.

Isto, que podería non parecer moito, adquire un especial significado se o comparamos co sumatorio de perdas que conlevaría o “custo da exclusión” da Galiza nestes foros rexionais. En consecuencia, aínda que o que se espere non sexa moito, non por iso podemos deixar de estar presentes neles.

Seguimos sendo un país de Europa?

Polo de agora, como xa adiantei, é afortunadamente unha realidade inevitable.

A crise pasa factura, deberamos recurrir ou pola contra investir na acción exterior?

Todos din que a saída está na internacionalización. Deberíamos ser coherentes con iso. Ora ben, parécenos certamente contraditorio que mentres que, por unha banda, a Confederación de Empresarios recibe da Consellería de Economía 18 millóns de euros para xestionar durante catro anos unha quincena de oficinas noutros tantos países, á súa vez a Xunta asuma a proposta do Goberno de pechar representacións de corte político integrándoas nas embaixadas. Iso constitúe unha falacia como facilmente se poderá comprobar en pouco tempo. Nas catro paredes das embaixadas, a falla de instrumentos de impulso a nivel interno como Estado autonómico que dicimos ser, repousará per omnia in saecula saeculorum a inercia dunha acción exterior da que só irá quedando o cascallo. Outra cousa serían as Embaixadas como reflexo dunha política exterior do Estado concibida de xeito integrado. Ese repregamento ás embaixadas para nós revélasenos como una diáfana expresión máis dese neocentrismo que encistado coa crise intenta suplantir os valores cos que se consensuou a transición española.

Onde deberamos poñer máis o acento para universalizar máis Galiza?

Hai algúns valores esenciais. Así, a lingua, a cultura, a economía, a diáspora, mesmo a autonomía fannos estar no mundo dun xeito singular. Esta identidade e esta experiencia ábrennos posibilidades de estarmos universalmente no mundo consubstanciados pola nosa identidade propia.

Hai suficiente diálogo entre as persoas e institucións que na Galiza prestan atención ao exterior?

Entendo que non. A axenda segue marcada por outras prioridades. Hai un desfase claro. Neste campo sería onde ao Consello de Acción Exterior correspondería despregar o mellor das súas virtualidades trazando pontes de entendemento entre o conxunto da sociedade co obxecto de consensuar os argumentos dunha política que involucra a numerosos parceiros de natureza pública ou privada, demandantes todos eles dunha orientación estratéxica que só o poder público pode acubillar e dirixir.

Hai estancamento na orde académica a propósito dos problemas relacionados coa paradiplomacia?

■ Avanza lentamente. Hai esforzos individuais moi meritorios, pero precisaríamos sumar vontades para logramos unha maior profundidade e tamén unha maior incidencia. Pese a que o tempus político non axuda moito en termos de apoio á pesquisa nestes campos da acción exterior das Comunidades Autónomas, non obstante entendemos que, grazas á rica experiencia e a frutífera realidade xa existente, materializada nunha longa listaxe de achegas que xa viron a luz, hai espazo para un ilusionante e ilusionado insistir e persistir na procura dos vectores teóricos que deben acompañar a unha política exterior do totum español como Estado das Autonomías, con maiúsculas Estado e Autonomía.